FICHA – A relación humana 4

1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- O aparello dixestivo está formado por un tubo dixestivo. A que é debido que se chame "tubo".

3.- Que substancias de refugallo crea o noso corpo?

4.- Escribe dous exemplos de estímulos externos e outros dous de internos.

5.- Busca o nome dunha glándula do noso corpo que non sexa nin as salivares nin as sudoríparas e indica cal é o seu funcionamento e a súa misión.

6.- Un neno acaba de chegar a súa man a un lugar moi quente, explica que ocorre dentro do seu corpo, paso a paso.

7.- Investiga que é a capsaicina e que efectos produce no noso corpo.

8.- No noso nariz, ademais da pituitaria que percebe os olores temos outra, tamén chamada pituitaria, que ten outra "misión", pescuda cal é a súa función.

9.- A que cres que se debe a forma das nosas orellas?

10.- Describe, detalladamente, o camiño que segue o son dende o exterior ata que chega ao noso cerebro.

11.- É moi recomendable no meter obxectos nas orellas, cales cres que poden ser os riscos de facer isto?

12.- Por que é moi habitual que ao doernos a gorxa teñamos tamén dor de oídos?

13.- Cando pasamos dun sitio onde hai luz a un sitio con moi pouca luz, nos primeiros segundos non vemos nada pero segundo vai pasando o tempo vamos vendo mellor. Explica que ocorre na nosa vista.

14.- Investiga que é a heterocromía de iris.

15.- Realmente é certo que os gatos “ven de noite”?

16.- En relación ao son, que é o umbral de dor?

17.- Por que é moi malo mirar directamente ao Sol?

18.- Cal é a misión dos ligamentos e o líquido sinovial nas articulacións?

19.- Os músculos poden ser antagonistas, busca información sobre isto e explícao cun exemplo.

20.- Explica a diferenza entre unha reumatóloga e unha traumatóloga.

21.- Fai un debuxo dunha perna e indica os principais músculos, ósos e articulacións que temos nela.

22.- Investiga sobre as maniotas e logo fai un pequeno informe indicando cal é o motivo da súa aparición, os consellos para evitalas e como se pode aliviar a súa dor.

23.- Antes dunha competición ou partido os deportistas fan unha serie de exercicios, cal é o motivo deses exercicios?

24.- Que consecuencias ten a ruptura dun tendón?

25.- Cando temos unha fractura normalmente os médicos póñennos xeso, cal é o motivo?

26.- Que lle pasou a Aquiles no seu famoso “tendón”?